



COMUNICADO DO CENTRO RELACIONADO CON VARIOS ASPECTOS:

1º) Segundo o acordo aprobado polo Consello da Xunta en materia de comedores escolares o pasado 15 deste mes de outubro, téñense en conta varios aspectos:

- Nos centros de ensino con comedores que teñan autorizados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería un número de colaboradores, que non poida cubrirse con persoal destinado no centro e cos pais, nais, titores legais e acolletores familiares dos escolares do mesmo, abrirase unha lista de inscrición de novos colaboradores voluntarios que reúnan a condición de seren familiares dos alumnos comensais que convivan no mesmo domicilio destes. Dita lista permanecerá aberta ao longo de todo o curso 2020-2021. **POLO TANTO, E A PARTIR DO LUNS ÁBRENSE ESAS LISTAS NO NOSO CENTRO.**
- Os solicitantes para seren inscritos deberán aportar unha declaración xurada de que conviven no mesmo domicilio que algún dos menores comensais. Tamén terán que entregar un certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais de non ter sido condenado por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual. Por último, contarán coa autorización do pai, nai, titor legal ou acolledor familiar do alumno comensal co que convivan para colaborar no comedor escolar.
- Os convivintes admitidos como colaboradores cesarán na súa actividade voluntaria no comedor escolar no caso de que no centro de ensino se reciba petición de colaborar proveniente de persoal funcionario e laboral destinado no colexio ou de pais, nais, titores legais e acolletores familiares do alumnado escolarizado no centro.
- Modificar as contías das compensacións económicas a percibir por aquel persoal que asuman responsabilidades na organización dos comedores escolares e realicen tarefas de atención e vixilancia dos menores comensais, en función dos días de servizo no mesmo, quedando establecido o importe de 12,50 euros por día, no caso dos colaboradores, e que se aplicará dende o día 1 de outubro.

2º) Este ano íase a facer unha renovación parcial nos membros do Consello escolar, pero tal e como se publicou na RESOLUCIÓN do 22 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se adía a celebración de eleccións para a renovación dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, **queda aprazada**. Ao noso centro correspondíalle renovar unha praza no sector de profesorado e a praza ocupada pola representante da ANPA no sector de pais/nais.

3º) A partir da vindeira semana (26 de outubro en diante) non se enviará ningún comunicado en formato papel dende o centro. Todo se publicará nas nosas redes sociais,

na web do centro e no Espazo Abalar, polo que vos pedimos que estedes atentos a calquera das tres vías (descargade a aplicación Abalar no teléfono, que aínda hai familias que non a teñen)

Unha aperta e coidádevos moito!

Saúde